

## READING COMPREHENSION

### MARY'S FAMILY

Hello again,

Quero explicarvos neste PDF que a seguinte actividade que vos vou enviar é unha actividade de comprensión na que traballaremos moitos dos contidos aprendidos nos 2 primeiros trimestres do curso e o traballado tamén en cursos anteriores: as descripcións físicas, os verbos en presente simple, a posesión, a familia, os amigos, as mascotas, o tempo de lecer, as profesións, etc...

Nesta actividade completaredes diferentes exercicios relativos ó texto, TALES como completar un recadro con información, responder verdadeiro ou falso ou contestar a preguntas relativas á información ofrecida no texto.

Recordade que para a tarefa número 4, TASK 4 teredes que responder a preguntas que serán de contestar sí ou non (SON AS QUE EMPEZAN PREGUNTANDO CON HAVE OU HAS, IS OU ARE, DO OU DOES, CAN...) pero outras serán de contestar respondendo a cuestións relativas a onde, cantos, quen, etc...

#### **RECORDAMOS:**

**ONDE: WHERE**

**CANTOS/CANTAS: HOW MANY**

**QUEN: WHO**

**CANDO: WHEN**

Por exemplo, se na pregunta número 1 me din: CANTAS MASCOTAS TEN A FAMILIA? **HOW MANY PETS HAS THE FAMILY GOT?** A VOSA RESPOSTA NON PODE SER YES OU NON. TEREDES QUE CONTESTAR EXACTAMENTE Ó QUE SE VOS PREGUNTA. POLO TANTO A RESPOSTA SERÁ A CANTIDADE EXACTA. Moi simple:

How many pets has the family got? A vosa resposta será directamente 5 ou tamén podedes responder The family has got 5 pets. A versión máis curta ou máis larga, como vós prefirades. Así que por favor, prestade especial atención a se tedes que responder simplemente sí ou non ou debedes contestar con outro tipo de información.

**Na tarefa 5** danvos a definición dun término que vós debedes completar e que por suposto está no texto. Por exemplo: It's an animal. It is small. It has four legs...que será??? Pois... hamster

Na tarefa 6, na que tedes que facer unha breve composición sobre a vosa familia, tede especial coidado en pensar antes de redactar. Reflexionade qué queredes dicir e en qué orde debe ir. Facede oracións curtas para que non vos perdades. Sempre podedes empregar o texto sobre Mary como exemplo, pero non copiedes o mesmo. Debe ser información real sobre vós e a vosa familia.

Esta actividade inclúe as respostas para que poidades corrixir, pero por favor, intentade completar as tarefas sen mirar. Sodes perfectamente capaces.

See you soon

Rosie